

AVISO IMPORTANTE

Anuncio relativo á tramitación de solicitudes presentadas para participar no sorteo do programa “Campamentos A Lanzada” 2025

O 17 de febreiro de 2025 publicáronse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 32, as Bases reguladoras dos “Campamentos A Lanzada” 2025, cuxo prazo de presentación de solicitudes comezou o 3 de marzo.

Por razóns técnicas alleas a esta institución, desde o 13 de marzo non é posible consultar de oficio a seguinte documentación:

- NIF das persoas menores solicitantes.
- NIF da nai, pai, titora ou titor das persoas menores solicitantes.
- Certificado de residencia das persoas menores solicitantes. (Poderase achegar o volante de empadramento actualizado no ano 2025).

En consecuencia, co fin de poder completar os expedientes das solicitudes presentadas a partir desa data, as persoas interesadas poderán presentar a citada documentación preferentemente por medios electrónicos seguindo o procedemento establecido na base décimo terceira, relativa a “Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas”, a través da ligazón: <https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>, no formulario “Achega da documentación separada da solicitude”, que deberá dirixirse ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Opcionalmente, esta documentación poderá presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, a través do formulario indicado no parágrafo anterior.

Pode consultar o estado do expediente da súa solicitude na Sede electrónica, no apartado “Os meus expedientes: expedientes”. En caso de que este figure co estado “Pendente do sorteo, todos admitidos”, non será necesario achegar de novo a documentación mencionada.

Non obstante, de acordo co establecido na base décimo cuarta da convocatoria, nas vindeiras semanas publicarase no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no sorteo, xunto coas causas de exclusión destas últimas, e concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude, achegar a documentación requirida que falte, comunicar defectos que se detecten nos datos mecanizados ou denunciar que unha solicitude non foi publicada.

O que trasladamos para efectos informativos